XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

SEPARATA

DELIMITACIÓN DO TRAZADO E O ÁMBITO VINCULADO AOS CAMINOS DE SANTIAGO DE FISTERRA, PORTUGUÉS, RUTA DA PRATA E CAMIÑO NORTE DA COSTA NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela

galicia

ÍNDICE

1. MEMORIA HISTÓRICA 1

1.1. ASPECTOS XERAIS SOBRE OS CAMIÑOS DE LONGA DISTANCIA A SANTIAGO DE COMPOSTELA ... 1

1.2. O CAMIÑO DE FISTERRA 4

1.3. O CAMIÑO PORTUGUÉS 13

1.4. O CAMIÑO DA RUTA DA PRATA 19

1.5. O CAMIÑO NORTE DA COSTA 21

2. OS TRAZADOS 23

2.1. DESCRICIÓN DOS TRAZADOS 23

2.2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO 28

3. OS ÁMBITOS 32

3.1. O CAMIÑO DE FISTERRA 32

3.2. O CAMIÑO PORTUGUÉS 33

3.3. O CAMIÑO DA RUTA DA PRATA 34

3.4. O CAMIÑO NORTE DA COSTA 36

4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AOS CAMIÑOS DE SANTIAGO 37

5. ANEXO FOTOGRÁFICO (2012-2013) 39

5.1. O CAMIÑO DE FISTERRA 41

5.2. O CAMIÑO PORTUGUÉS 67

5.3. O CAMIÑO DA RUTA DA PRATA 95

5.4. O CAMIÑO NORTE DA COSTA 124

***6.* ANEXO PLANOS** 127

1. MEMORIA HISTÓRICA

1.1. ASPECTOS XERAIS SOBRE OS CAMIÑOS DE LONGA DISTANCIA A SANTIAGO DE COMPOSTELA

A historia dos camiños corre paralela á historia das comunidades que se asentan sobre o territorio, a súa xenealoxía é tan antiga como a da sociedade que, ininterrompidamente, ocupa o NW ibérico desde o paleolítico. Os primeiros grupos humanos estaban caracterizados pola súa mobilidade, eran grupos nómades que coñecían os mellores lugares para cruzar ríos, para atravesar cadeas montañosas, para desprazárense. Este coñecemento específico e experto do territorio, baseado na experiencia, foi transmitido ininterrompidamente desde o paleolítico. Podemos albiscar o trazado xeral destes camiños co comezo da sedentarización, ou mellor sería dicir co cambio para un nomadismo de menor distancia que sucede no Neolítico e máis co inicio da construción física da paisaxe, coa aparición do cultivo da terra e, nomeadamente no NW Ibérico, coa construción de enterramentos megalíticos ao longo das vías de tránsito que marcan as divisorias das augas. A aparición das sociedades divisas e xerarquizadas implica o xurdimento de centros de poder, de lugares de actividades colectivas ou grupais de todo tipo. Os camiños tamén empezan agora a xerarquizarse para comunicar lugares a curta, media ou longa distancia. Para unir os principais núcleos de poboación estables da Idade do Ferro, pero tamén para comunicar estes cos centros relixiosos e económicos. Na Idade do Ferro o territorio de Gallaecia conforma un espazo cunha densidade habitacional considerable e se observa un territorio organizado, orgánico. A conquista romana implica a aparición de novos núcleos de poder e o potenciamento dos camiños que os unen, pero tamén a existencia dun estado que fomenta, constrúe e conserva a rede viaria; ao tempo que modifica a xerarquía dos camiños.

A rede viaria romana, con todas as aparentes contradicións que ten entre as fontes escritas e as arqueoloxías, queda fixada no medievo pola razón de que os centros de poder imperial pasan a ser os centros de poder eclesiástico, así Asturica, Bracara, Lucus, Iria, Tude, Aurea, Aquae Flavia... son os núcleos do poder episcopal e, loxicamente, os camiños de longa distancia seguen a comunicar estes lugares. Porén sucede un acontecemento que suporá o inicio da modificación desta rede xeral: o achado da tumba de Santiago Apóstolo en Compostela, sito no camiño que unía a sede episcopal de Lugo e Iria (única en toda a península que conservada a continuidade apostólica). Santiago será a partir deste momento o centro da Gallaecia e un dos centros de Europa. Santiago non é só a capital relixiosa e espiritual do Reino de Galiza, senón que será tamén un dos tres principais centros de peregrinación da cristiandade, xunto con Xerusalén e Roma. Por tanto, exercendo a súa xerarquía, Santiago será o destino da maior parte dos camiños de longa distancia da NW Ibérico.

Durante os longos séculos do medievo xorden novos burgos, castelos, feiras que perviven desde épocas antigas e outras novas, señores laicos, mosteiros; o que sucede entón é unha reorganización da xerarquía dos camiños, a suma e síntese dos vellos camiños megalíticos cos castrexos, romanos, adaptados aos tempos medievais: é o momento das pontes. O camiño, en esencia, segue sendo o mesmo que en tempos

anteriores, pero a vitalidade da sociedade, as súas mudanzas, as conxunturas, implican cambios puntuais, adaptativos, do camiño no seu trazado, mudanzas imprescindibles para dar resposta ás novas necesidades da incesante vitalidade e dinamismo da sociedade humana. O camiño, en si mesmo, é un proceso de continuidade.

Até o século XVII os camiños son de ferradura e de pé, son camiños pensados para a mobilidade de persoas, cavalos e carruaxes lixeiros; a partir desde século aparece a necesidade de camiños de roda e, con evidente retraso, aparecen no século XVIII os Camiños Reais e o Transversais e no século XIX as estradas.

Ao abeiro do Real Decreto de 1761, para facer «caminos rectos y sólidos» constrúese en Galicia o Camiño Real de Madrid a Coruña (acabado no século XIX) e varios camiños transversais, entre eles o de Santiago a Pontesampaio (que se corresponde co camiño portugués). Este camiños reais tomaron como referencia os "camiños francos ou franceses" anteriores pero efectuaron transformacións importantes respecto ao trazado do recorrido anterior.

As estradas do século XIX, como norma xeral, obraron sobre os *camiños franceses* anteriores (agora tamén chamados reais), acometeron traballos de pavimentación, ampliación da caixa mediante a construción de muros laterais e desmontes de ladeiras, rectificación de curvas pechadas e novos trazados para evitar as pendentes excesivas, os traballos de prestación persoal e comunitaria para a reparación de camiños, como a sexta-feira, mostráronse insuficientes e foi necesario contar cos traballos forzados de presidiarios. Malia ser esta a norma xeral, para dar resposta ás novas necesidades de accesibilidade, en moitos casos foi preciso realizar modificacións do trazado importantes, encaixando as novas estradas en ladeiras para superar as divisorias de augas, dando ás veces rodeos. Estas modificacións afectaron, como veremos, os trazados tradicionais dos camiños de Santiago de Fisterra, Ruta da Prata e Norte.

A diferenza do que sucede noutros culturas, como a xaponesa, os camiños de peregrinación no occidente europeo non constitúen rutas exclusivas senón que estas se realizan sobre a rede de camiños existente. A día de hoxe podemos diferenciar dúas redes de camiños, ou vías de comunicación:

En primeiro lugar temos as estradas e autoestradas, ou o ferrocarril, que foron deseñadas por enxeñeiros para satisfacer as demandas do Estado e dos novos medios de locomoción. Esta rede ten un baixo valor desde o punto de vista do patrimonio cultural, se ben é preciso ter en conta que nalgúns casos esta rede, deseñada por enxeñeiros, foi incorporada e integrada no sistema da paisaxe tradicional. Os camiños realizados nos século XVIII e XIX, ao implementarse no mundo galaico tradicional vivo, puideron por veces converterse en eixos vertebradores do espazo circundante, de xeito que viñeron a substituír aqueloutros camiños anteriores. Estes camiños, nos seus diversos treitos, terán un valemento patrimonial variable en función do contexto cultural, que deberá ser estudado para cada caso, ou para cada treito.

Por outra banda temos a rede viaria tradicional, ou histórica, que é o resultado final dun longo proceso histórico acumulativo, con raíces moi profundas no tempo. Esta rede ten maior valemento patrimonial que a anterior por diferentes e evidentes motivos, tanto pola súa antigüidade e historicidade como por ser unha creación tradicional no sentido antropolóxico do termo. Esta rede, ao mesmo tempo, ten como característica

a súa vitalidade e diacronía, e constitúe cronotopos, ou elementos culturais nos que o espazo e o tempo están unidos intrínsecamente de maneira dinámica, son espazos de memoria, presente e pasado simultaneamente representados, e portadores de significación cultural pertinente. Son os denominados na tradición “camiños reais”, recollendo a denominación daqueloutros feitos desde o Estado no século XVIII, e que chegaron ata nós a través das sucesivas xeracións.

Á hora de fixar sobre o terreo o camiño de peregrinación, desde un punto de vista patrimonial, parece evidente que deberemos escoller aqueles que posúen maior valor, quere dicir, os camiños tradicionais deben ser escollidos preferentemente sobre calquera outro, por ser os herdeiros vivos da tradición e por estar vinculados ao fenómeno xacobeo desde que este existe, e tamén por seren pensados para ser camiñados. Os camiños tradicionais de longa distancia son camiños históricos porque posúen un pasado e unha entidade propia, por eles discorreron os peregrinos, aínda que sufrisen modificacións puntuais no seu trazado ao longo da súa dilatada vida. Cómpre facer unha pequena advertencia no sentido de que estes camiños, dinámicos e cambiantes as veces en puntos concretos no seu trazado, por veces aparecen reflectidos en documentos históricos e que esta documentación debe ser vista como marcas puntuais que axudan a deseñar a historia do camiño, pero que teñen o perigo de que, debido ao poder do documento escrito, poder levarnos a pensar que o que se relata nun escrito concreto dun ano determinado é algo inmutable para sempre, cando en realidade só informa sobre un instante, por veces efémero, da historia do camiño. Esta variabilidade, no caso dos accesos a Compostela, é moi grande e cambiante en función de numerosos factores históricos e sociais, os documentos informan sobre a historia do camiño, pero non sobre o camiño de seu. Afortunadamente, na maioría dos casos, o camiño aínda existe ou é documentable para os momentos anteriores á súa desaparición. Só existe un camiño tradicional e histórico: aquel que é recoñecido como tal polos portadores vivos da tradición, aquel que posúe nome de seu, aquel que ten existencia ontolóxica, que ten nome propio, aquel que, variando ao longo de séculos, chegou a nós co nome de camiño real, ou camiño francés, ese é o camiño que debemos buscar.

1.2. O CAMIÑO DE FISTERRA

A primeira referencia inequívoca de Fisterra como lugar de peregrinación de longa distancia aparece nunha manda dun cóengo de Santiago do ano 1283 que sinala como lugares de peregrinación Rocamadour, Roncesvalles, Fisterra, Sta. María de Eremita, san Paulo e san Lourenzo do Monte Gaudio. Antes desta data temos outras referencia que falan dunha romaxe a Santa María de Fisterra, pero semellan ser de ámbito local ou comarcal, non internacional.

Polo que respecta a Muxía a noticia máis antiga data de 1446. Sebastian Ilsung, de Augsburgo, a continuación de Fisterra, visita a barca da Nosa Señora:

> *este é o maior dos milagres que eu teño visto nesta viaxe. Alí hai unha barca de pedra que está construída totalmente de pedra, parece un barco xigantesco e é moi grande (…). E ó redor todo é un deserto, pois unha igrexa que a causa do milagre se edificou alí está en ruínas*

Xa neste momento existe o rito de abalar a pedra:

> *Chegan alí moitas persoas que a poden mover, e eu tamén o vin persoalmente*

A devoción ao Cristo, á Virxe de Fisterra e á Nosa Señora da Barca en Muxía vai continuar con puxanza durante a Idade Moderna como algo con entidade propia, capaz de atraer peregrinos estranxeiros que visitan estes lugares despois de chegar a Santiago.

Temos testemuños de tres vías que partían desde Santiago para a Costa da Morte. Segundo Ferreira Priegue a máis antiga cruzaba o Tambre pola desaparecida ponte de Ons. Outra –a que se consolidará a partir do século XIII como camiño de peregrinación a Fisterra, a mellor documentada– segue unha traxectoria intermedia polas Maroñas, seguindo pola antiga verea da Pesadoira e descendendo polo Monte da Armada a Cee e Corcubión, e de alí a Fisterra. Un terceiro e importante camiño –pero que documentalmente consta utilizado só ocasionalmente polos peregrinos– é o que ía polo Val de Barcala e ponte de Brandomil directamente á ría de Camariñas e Muxía (Ferreira, E., *Los caminos medievales de Galicia,* Santiago, 1988, pp. 135-136.)

As indulxencias plenarias que se conceden en Fisterra e Muxía non son un incentivo moi forte para peregrinos porque xa as teñen conseguido no punto de partida: Santiago. A maioría dos relatos reflicten nos viaxeiros unha actitude ben pasiva (van porque lles dixeron en Santiago que había que ir), curiosa (para ver o fin do mundo) e mesmo displicente (Laffi: “tivemos o capricho de chegar a Santa María de Fisterra. Esta viaxe contareina brevemente para que se algún peregrino quixese ir alá, saiba o camiño”).

FITOS HISTÓRICOS. DOCUMENTACIÓN RELACIONADA.

Desde Compostela a viaxe a Fisterra faise polo camiño Real Santiago-Corcubión, que é a vila e o porto máis importante dese sector de costa. Como é normal este camiño ofrece algunhas variantes e alternativas no

tempo e no espazo, pero ten sempre unhas etapas obrigadas e reiteradamente documentadas: Santiago – Augapesada – paso do Tambre pola Ponte Maceira (construída nalgún momento do séc. XV) e, antes, por barcas aproximadamente polo mesmo sitio - As Maroñas – Bo Xesús – Ponte Olveira – Olveiroa –Hospital de Logoso – A Fonte Santa – Ermida da Nosa Señora das Neves – San Pedro Mártir –Cee – Corcubión. De Corcubión a Fisterra –un porto insignificante– parece que non hai camiño real.

No treito que nos ocupa, que é o correspondente ao concello de Santiago, contamos cos seguintes testemuños:

- **Vasco da Ponte. Finais do século XV**. Convento de S. Lourenzo de Trasouto, etapa do camiño de Santiago a Maia

- **1536.** Porta da Trindade – Rúa das Hortas. Ruta a Fisterra sinalada en documento de 1536 (AHUS, Fondo "Bens", ed. M.J. Portela, nº 411)

- **Erich Lassota (1580-84)**.-Puente de Mazera (aldea) 1 milla – paso do Tambre.
- **Christoph Gunzinger (1654**): Santiago – Ponte Maceira. Camiño de Santiago deica a Ponte Maceira "bastante pasable"
- **Domenico Laffi (1673)**: Santiago – Ponte Maceira
- **Giacomo Antonio Naia (1718):** San Lourenzo de Trasouto – Ponte Maceira
- **José Cornide (1785):** : O camiño real de Santiago a Ponte Maceira pasa pola parroquia de Santa María de Villestro. Cornide informa sobre o estado dos camiños previo ás reparacións e variantes que se fixeron posteriormente

Xa que logo parece evidente que o camiño de Fisterra tiña como primeiro fito indiscutible a Ponte Maceira, que no ano de 1787 foi descrita así:

> *De siete arcos, que se halla próxima a arruinarse" (AHUS, FM, 909, f. 191).*
>
> *La vereda para correos (…) que ba desde la ciudad de Santiago al puerto de Corcubion, Camariñas y otros … principia en el puente Mazeira, cuyo puente es largo y aunque se halla de calzada esta destruida no solo del rio sino que le faltan las orillas … amenazando ruina esta peligroso y el referido transito sigue a la parte del Lebante. Sera el de este referido distrito de Altamira como media legua… (AHUS, Fondo Municipal, 915, ff. 185-186).*


Agora ben, para axustar máis o camiño debemos encontrar outros fitos intermedios; para iso podemos utilizar a información puntual que sobre o trazado deste camiño ofrecen outros documentos:

Das informacións contidas no preito Tavera-Fonseca (1525) pode deducirse que o camiño real a Fisterra, no seu primeiro tramo desde Santiago, é o mesmo de Noia e Muros, e que está controlado, como o camiño a Padrón e Pontevedra, pola fortaleza da Rocha Forte. Tendo en conta esta información é de utilidade saber o que indica un documento de 1416 recollido no Libro do Concello de Santiago, fol. 2, que sinala que "o qual

terreo suýa seer barreira da dita cidade ennos tempos antiguos…" e que limita "de parte de juso (abaixo) enno camiño que vay para Padron et da outra parte contra çima ven topar enno camiño que vay para a vila de Noya" A barreira está na zona de Santa Susana. Aínda que o documento non dá para moitas precisións parece indicar que o camiño de Noia discorre pola zona do Cruceiro de Pero Galo (agora chamado cruceiro do Gaio)

Na serie de planos de Santiago datados en 1595, procedente de Simancas (Archivo General de Simancas, G.A., leg. 43. Plano de la ciudad y sus murallas, publ. VIGO, A., *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo*, Nº 467),aparece claramente o camiño de Fisterra que sae pola "Porta das Hortas" e discorre pola rúa das Hortas. Este plano ofrece información redundante cos textos sinalados máis arriba.

No mapa de Tomás López de 1784 observamos como o Camiño de Fisterra e o de Noia son un só ata que cruzan o río Sarela, para separarse despois.



A partir do século XIX contamos con mapas que botan moita luz sobre o trazado dos camiños que entran en Compostela. Se ben a algúns, como o Mapa Geográfico del Arzobispado de Santiago, realizado por Ángel Marín en 1830, non se lle pode pedir moita precisión, si que sirve como esquema xeral da disposición da rede de camiños e a súa posición relativa con respecto aos cursos de auga e núcleos habitados.

Neste mapa de 1830 observamos que, neste momento, o camiño de Noia e o de Fisterra son dous camiños diferentes, sen ningún treito común e como o camiño de Fisterra discorre ao norte do río Sar, sen cruzalo, e como pasa polo lugar de Covas (Ames). Pola contra o camiño de Noia ten un treito común na saída de Compostela co de Padrón e cruza dúas veces o río Sar, unha vez antes da súa confluencia co Sarela e outra antes de Bertamiráns; convén dicir que neste momento xa estaba construído o camiño do século XVIII de Santiago a Pontesampaio, o que talvez teña modificado o trazado anterior do camiño de Noia á saida da cidade.

Outro mapa importante é o de Domingo Fontán, de 1845, tamén anterior á rede de estradas, e que mostra información máis detallada que o anterior, pero redundante con el; aínda que dá maior precisión pois permite observar como o camiño de Fisterra atravesa os regueiros que discorren N-S, como pasa ao norte do Monte da Costa (Aldea Nova) e discorre lindeiro polo norte do lugar de Covas (Ames). Antes de chegar a este lugar o camiño vai afastándose do río Sar e tomando dirección NW.






Na década de 1860 constrúese a estrada de Santiago a Noia, que varía substancialmente o trazado do camiño real entre Santiago e Bertamiráns.Esta estrada parece ter un novo trazado, recto e chan pola beira norte do Sar, evita o encaixonamento do río polo norte e abre unha trincheira a media ladeira para retomar o camiño real á saida de Bertamiráns; é un trazado que sigue os preceptos dos camiños do momento. Sobre este trazado, coincidente coa estrada actual no fundamental, está a aldea de Pedra da Legua, que ten un

cruceiro sobre unha laxe, que marca a legua de distancia desde o centro de Santiago e marca o paso da estrada ou, talvez, do camiño real de Fisterra no caso de que esta estrada de Noia aproveitase parcialmente o seu trazado.

A construción da estrada de Noia supón a decadencia deste camiño e a súa confusión coa nova estrada. No mapa de Osterberger, impreso na década de 1870, vemos que xa non aparece o camiño de Fisterra e a estrada de Noia está xa deseñada polo trazado actual; observamos tamén a perda de interese por sinalar os camiños de segunda orde, que discorren cara a Fisterra neste caso.

Nos estudos que se teñen realizado para a delimitación deste camiño non foi posible obter información sobre o terreo acerca do camiño real a Ponte Maceira ou a Corcubión, de maneira que parece que se perdeu a súa memoria entre os veciños do lugar.




Carta de Galicia con designación de sus partidos judicilaes, población de los mismos, situación de los valles más importantes, l red de sus carreteras con el movimiento de carruajes que se advierten en ellas, la red de ferro-carriles y líneas complementarias de dicha red.
Jorge Osterberger. Data aproximada: década 1870

O CAMIÑO SOBRE O TERREO: CAMIÑO REAL DE PONTE MACEIRA

O traballo de campo tivo como principal obxectivo identificar e recoñecer este camiño a Fisterra que aparece no mapa de Fontán, e que se corresponde co camiño real a Ponte Maceira referido na documentación. A hipótese de partida era dupla, por un lado se contemplaba a posibilidade de que fose coincidente coa estrada de Noia, que na súa construción tería aproveitado parcialmente o seu trazado; por outro lado estaba a posibilidade de que o esta estrada de novo trazado non tivese aproveitado o antigo camiño real.


Tomando como base o mapa de Fontán, e atendendo a como este excelente cartógrafo realizaba a súa carta xeométrica, tivemos en conta o seguinte: Fontán establecía unha xeometría taquimétrica baseada na triangulación, tomando como referencia os cumes, que aparecen anotados coa súa cota; son por tanto referencias fiables. Desde estes cumes debuxa as pendentes mediante raias no sentido da mesma, de xeito semellante a como se realizan os esquemas arqueolóxicos clásicos. Fontán deseña tamén os ríos e regueiros como puntos máis baixos do relevo e, finalmente, anota parroquias, lugares e camiños. Segundo se pode observar nas notas manuscritas de Fontán, as que utilizou para o deseño da carta, os camiños se marcan a partir de referencias xeométricas pero tamén, sobre todo, como notas do tipo “pasa a dereita de tal aldea”, “o camiño sube”... é dicir, anota referencias relativas (o que ás veces lle fai cometer erros) e despois deseña un trazado simplificado do camiño. Así a descrición que podemos inferir para buscar o camiño de

Fisterra marcado por Fontán sería así: Desde Santiago o camiño pasa polo núcleo de San lourenzo e despois baixa para o sur até cruzar o río Sarela, ascende pola ladeira SE do alto do Pino Manso e discorre pola súa pendente inferior sur (non pola zona chan), a certa distancia do Río Sar (rotulado Sarela) e pasando por unha aldea sen nome. Para cruzar os regos de Fonte Cova e Porto Marelo o camiño describe una curva para o norte, separándose do río Sar. Este é un dato importante pois a estrada de Noia fai exactamente o contrario, curva para o sur e supera estes regos nun trazado que discorre inmediato ao río Sar. Unha vez superado o rego do Porto Marelo ascende lixeiramente en curva para o sur, supera unha valiña e toma dirección WNW ao tempo que ascende á penichaira do alto da Estivada, por onde discorre a certa distancia da ladeira do val do Sar; seguindo unha liña máis ou menos recta supera o río de Roxos e pasa por unha portela, entre o Monte de Fraís e o Monte da Costa, en dirección a Covas (Ames).



Este trazado presenta algunhas diferenzas significativas coa estrada de Noia, que busca evitar as pendentes e que atravesa os regos citados por un lugar inmediato ao río Sar (A Barcia). Con todo o mapa de Fontán ten unha precisión relativa e só o recoñecemento sobre o terreo, a análise estratigráfica do parcelario, a consulta do mapa de Coello de 1865 e o estudo da fotografía aérea de 1956/57 foi capaz de darlle mais verosimilitude á hipótese de que o camiño real de Fisterra e a estrada de Noia eran dúas vías distintas.

Se ubicamos sobre a fotografía de 1956 (na que figura a estrada de Noia) as referencias de Fontán dos regos e montes e sobre ela observamos os lugares nos que os camiños existentes cruzaban os cursos de auga o resultado é o que se mostra aquí:



Os círculos sinalan as pontes, a cor laranxa marca un camiño existente nese ano de 1956, en diferente estado de uso, pero continuo. A cor amarela sinala a proposta de camiño funcional para comunicar os treitos de camiño tradicional conservado (laranxa) alí onde este falta, debido á acción da concentración parcelaria.

Observamos que para cruzar o Rego de Fonte Cova só existen dúas posibilidades nesta zona: Unha está na Barcia, por onde discorre a estrada de Noia, inmediata ao río Sar; e a outra por Moas de Abaixo. Para pasar por esta ponte, lonxe do Sar, é preciso describir unha curva como a que indica Fontán. O lugar por onde discorre este camiño se axusta ao descrito no mapa de Fontán: Pasa pola penichaira da Estivada (non pola chaira) e describe una recta que cruza o Roxos e pasa pola portela dos montes de Fraís e Costa.

A hipótese de que a estrada de Noia tivese sido antes, neste treito, o Camiño Real foi desbotada por estimala menos verosímil. Primeiro porque, como se dixo, o treito inicial non se corresponde co paso por San Lourenzo, despois porque discorre inmediata ao río Sar e alí cruza os regos, aspecto moi diferente do descrito por Fontán. Máis adiante encontramos o lugar da Pedra da Legua, que marca con claridade o paso dun vial importante; porén, se adoptásemos como válida a hipótese de que esta pedra de legua está referida ao Camiño de Fisterra, teríamos moi serias dificultades para conectar mediante camiños existentes en 1956 esta zona con Covas trazando unha liña en esencia recta que cruzase o río de Roxos por unha ponte tradicional.

Finalmente é a ter en conta o mapa de Coello de 1865. Lamentablemente a única copia da que puidemos dispor, tomada dos fondos cartográficos do IGN, está deteriorada parcialmente xusto na zona que nos interesa. O mapa de Coello toma como base o de Fontán e o enriquece con pormenores e anotacións novas, tamén sinala as estradas en proxecto e construción segundo as informacións que lle proporciona o enxeñeiro xefe do distrito, José María Pérez.



Neste mapa aparece o proxecto da estrada de Noia en construción, e tamén o camiño de Fisterra, identificado como camiño de ferradura.



No pormenor do mapa vemos con claridade como o proxecto de estrada e o camiño de Fisterra son dúas vías diferentes e como, para cruzar o rego da Fonte Cova, a estrada discorre pegada ao río (como realmente foi construída) entanto que o camiño cruza máis ao norte. Neste mapa tamén se lle pon nome á aldea pola que discorre o camiño e que no mapa de Fontán ficara anónima: é Sarela. Malia que este mapa representa o proxecto da estrada de Noia (en construción no ano da impresión do mapa), e por tanto ten unha forza

argumental relativa ao non ser realizada a estrada tal e como indica o mapa, pensamos que actúa en sinerxía cos argumentos anteriores, que ofrece información redundante co resto dos documentos e coa súa interpretación, e que, por tanto, reforza a hipótese de que o camiño real de Ponte Maceira, Corcubión e Fisterra é diferente da estrada de Noia, e que esta vía, construída na década de 1860, non se sobrepón ao trazado do camiño de ferradura.

Con base nos argumentos anteriores realizouse a proposta de trazado que figura no expediente e que aparece marcada neste informe sobre a fotografía aérea de 1956. O camiño identificado nesta fotografía foi recoñecido sobre o terreo e presenta as características habituais dos camiños reais tradicionais e camiños de ferradura, con pendentes xeralmente uniformes rotas por costas pronunciadas e curtas, anchura media duns 5 metros e delimitado por valos de pedra. Cómpre sinalar que nesta área as liñas estruturais do relevo (dorsais e vales) discorren en sentido norte – sur, entanto que o camiño vai de este para oeste, polo que non aproveita as dorsais, como é habitual nestas vías.

1.3. O CAMIÑO PORTUGUÉS

As relacións históricas entre Galicia e Portugal teñen unhas profundas raíces, tanto no plano político como no cultural e, sobre todo, no eclesiástico. Alén das relacións máis obvias e coñecidas como son as culturais e as políticas, pois até que no século XIII Portugal fai efectiva a súa independencia a historia de ambos territorios foi a mesma.

Desde o punto de vista eclesiástico e relixioso estas relacións son menos coñecidas pero, para este caso que nos ocupa, semellan máis importantes e pertinentes, pois do que se trata é da existencia dunha peregrinación desde a Idade Media ata hoxe en día, peregrinación á tumba apostólica de Santiago. A continuidade que a división administrativa romana tivo no ámbito eclesiástico, alén do propio feito da cristianización, contribuíu a reforzar unha unidade que proviña da prehistoria, continuidade que se racha no plano político coa independencia de Portugal, pero que perdura no plano cultural pois nese momento de ruptura o territorio galego-portugués será unha potencia europea de creación e difusión. Estamos no tempo dos trobeiros e xograres como Afonso X “o sabio”, Don Dinís de Portugal, Martín Codax, Joam de Cangas, Airas Nunes, Joam Airas, Meendinho... A lingua e a literatura galego-portuguesa coñecen neste tempo un esplendor sen precedentes. No ámbito eclesiástico aparecerán agora disputas entre as xerarquías de Compostela e Braga, o bispado de Tui manterá posesións en Galicia e en Portugal, son momentos de desavinza e loita de poder que, no ámbito eclesiástico, chegará a un equilibrio de unidade e o territorio portugués, reino independente, seguirá sendo galego e obedecendo ao arcebispo de Compostela durante moitos séculos despois.

Diego Gelmirez deu pasos esenciais para a constitución da provincia eclesiástica de Compostela. Primeiro logra, o 5 de decembro de 1095, a exención da igrexa de Iria-Compostela do metropolitano de Braga e despois a elevación da igrexa compostelá á categoría de metropolitana e do propio Gelmirez á condición de legado pontificio para as provincias eclesiásticas de Braga e Mérida (1120-1124). Desde esta condición de legado pontificio e a categoría de metropolitana para Compostela o novo arcebispo, Diego Xelmírez, e os seus sucesores, lograron o control das novas sés episcopais portuguesas que ían liberándose co avance da conquista do sur, como Coimbra, por pertencer á antiga provincia eclesiástica de Mérida, agora trasladada a Compostela; e despois as novas sés de Lisboa (1147), Évora (1166), Lamego e Viseu (1144-1149) e Idaña-A Guarda (1199). No ano 1199 o papa Inocencio III asigna definitivamente á provincia compostelá as novas sés episcopais portuguesas de Lisboa, Évora, Lamego e Idaña. Esta unidade no campo eclesiástico, non exenta de disputas, foi unha realidade institucional e humana que facilitou os contactos relixiosos e repercutiu na promoción da peregrinación; as tensións pola loita de poder entre Santiago e Braga non repercutiron directamente nos fieis, que se alimentaban da de vivencia devocional e non da pertenza institucional.

Nas ordes relixiosas esta confrontación non se deu, os mosteiros galegos tiñan posesións e intereses en Portugal e viceversa, e os mosteiros galegos mantiveron os seus señoríos portugueses até os tempos modernos As ordes mendicantes, sobre todo os franciscanos, formaron xa no século XIII a súa provincia de Santiago, que se estendía a Portugal e perdurou ao longo da Idade Media sen tensións que puidesen levar á ruptura e separación. Isto débese á maior flexibilidade da organización mendicante e, moi particularmente, ás

intensas relacións dos frades cos soberanos, que consideraban aos primeiros emisarios e conselleiros hábiles e nunca señores territoriais e xurisdicionais. Porén, por mor da división de Occidente, déronse tamén importantes cambios na organización territorial e xurisdicional dos mendicantes portugueses, que formaron dende o século XV unha provincia portuguesa.

Santiago seguía a ser o padroeiro do reino portugués, até a súa progresiva substitución por san Xurxo durante o século XIV. Esta devoción explica que as peregrinacións comezase, desde Portugal, moi cedo e que xa estivese forxado o fenómeno desde mediados do século XI. Os testemuños desta peregrinaxe son moitos; así xa na obra do xeógrafo andalusí nacido en Ceuta Al-Idrisi (1165), aparece amentado Santiago como o principal destino de peregrinacións europeo. Al-Idrisi manexa fontes escritas árabes e latinas e recolle información oral de viaxeiros e peregrinos e define catro rotas a Compostela: 1)Coimbra-Santiago por mar, 2) Baiona (de Francia)-Santiago por mar, 3)Coimbra-Santiago por terra e 4) O Camiño Francés (Ana M. Carballeira Debasa. *Galicia y los gallegos en las fuentes árabes medievales.* Cuadernos de Estudios Gallegos. Madrid 2007.). Desde este punto de vista a peregrinaxe a través do Camiño Portugués establécese como a máis importante, xunto coa do Francés, xa dende mediados do século XII.

A partir do s. XV contamos cos relatos de diferentes viaxeiros e peregrinos que se dirixen a Santiago por esta rota, confirmando a importancia do trazado Portugués. Entre eles se contan portugueses, dos que a máis célebre peregrina real foi Santa Isabel de Portugal, esposa do rei Don Dinís, que a fins de 1325 emprendía con certo misterio a súa peregrinación a Santiago, que só desvelaba en Padrón, enfervorizada pola vista dos recordos da predicación, persecución e translación do Apóstolo. Tamén temos constancia de peregrinos máis picarescos no s. XVIII como Nicola Albani, pasando pola sonada comitiva de León de Rosmithal, príncipe bohemio que acude a Compostela no momento de maior conflitividade de todo o século XV, en plena revolta irmandiña. Así e todo cómpre ser prudentes co uso destas fontes, pois os camiños escollidos por estes persoeiros non sempre coincidían cos do peregrino máis humilde. Eles podían afastarse da traza na busca de certos lugares de interese, ou ben escoller rotas alternativas trocando distancia por comodidade e seguridade para o seu séquito.

Este camiño, co decorrer da historia galego-potuguesa, adquire unha máxima importancia, ate ser "[...]eje de las comunicaciones del Noroeste peninsular..." (Armas Castro, J., *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*, Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa, Pontevedra, 1992, 48). Este antigo camiño será anovado mercé ao impulso do mandato arcebispal de Malvar e Raxoi (1751-1772), dentro do proxecto estatal de camiños reais e transversais. O ámbito de actuación foi entre Santiago e Ponte Sampaio, entre a capital e o límite territorial do arcebispado.

Neste camiño existían numerosos hospitais de peregrinos e, dalgúns deles, temos documentación, como é o caso do hospital de Pobres e Peregrinos de Tui, de gran tradición medieval, e reorganizado polos bispos tudenses en época moderna; ou o hospital de Pobres e Peregrinos de Pontevedra (advocación a Santiago), os de Caldas de Reis e Padrón, establecementos particularmente vinculados á espiritualidade franciscana.

Na documentación do hospital de Pobres e Peregrinos de Tui establécese como norma a estadía curta para os peregrinos sans e tempo indefinido para os enfermos, que son asistidos de balde con médico, boticario e, en caso de defunción, con misa exequial solemne (á que asiste a clerecía tudense). Nos rexistros dos hospitais do Camiño Portugués aparecen as doenzas máis comúns e as causas de morte máis frecuentes. A meirande parte dos peregrinos falecen por mor das afeccións típicas da longa xornada itinerante: doenzas nas pernas, quenturas e disentería, así como esgotamento por fatiga e fame.

A documentación tudense subliña a pluralidade dos camiñantes xacobeos galego-portugueses na época moderna: a maioría, loxicamente, son portugueses mas tamén aparecen, navarros, casteláns, cataláns e, nunha porcentaxe elevada, italianos (venecianos, milaneses, xenoveses e sicilianos) con profesión descoñecida; en menor número flamengos e irlandeses, en ocasións familias enteiras que teñen que agardar semanas a que os menores estean en boas condicións para proseguir a ruta; non falta unha discreta presenza de franceses do Sur, centroeuropeos de lingua alemán e mesmo algún camiñante procedentes de Polonia. Xa que logo a documentación hospitalaria indica a grande vitalidade e tránsito deste camiño, que non se limita ao paso de peregrinos procedentes de Portugal ou do sur da península, senón de toda Europa até época moderna.


FITOS HISTÓRICOS. DOCUMENTACIÓN RELACIONADA.


Na documentación referida a esta vía quedan definidas as principais etapas, ou lugares de parada, coincidentes coas mansións viarias romanas neste tramo da Vía XIX, que no seu percorrido de Sur a Norte son: TUDE (Tui), BURBIDA (Redondela), TUROQUA (Pontevedra), AQUIS CELENIS (Caldas de Reis) e IRIA (Iria Flavia/Padrón). Andando o tempo, será esta mesma calzada romana a que na súa maior parte aproveite Almanzor no ano 997 para dirixir o seu exército contra Santiago, cruzando o Miño por Tui, saqueando O Morrazo ao igual que Iria Flavia no seu cruce do Ulla. A mesma vía debeu ser percorrida por Diego Gelmírez pouco máis tarde, no ano 1102, cando aconteceu o famoso episodio do “traslado forzoso” das reliquias de San Covade, San Silvestre, San Froitoso e Sta. Susana desde a sé bracarense a Compostela, espolio en toda regra, chamado polo redactor da Historia Compostelá “pío latrocinio”.

No treito máis próximo a Compostela, o que aquí interesa, tenos a referencia do Milladoiro. Na narración da viaxe de Roszmihal aparece a súa descrición, referíndose a unha fonte da que é común beber para liberarse durante todo o ano do perigo de ter "quenturas".

Este camiño, xa modificado a finais do século XVIII pola construción do Camiño Real, era coñecido como camiño real de Pontevedra e no concello de Santiago sofreu modificacións no seu trazado durante o tempo.

Nos planos da “*porción del camino transversal de Santiago a Pontevedra*”do ano 1775 do Servizo Xeográfico do Exercito. Cartoteca Histórica, realizados por Fernando de Gaver, vemos como o treito entre Santiago e Milladoiro está composto por dúas longas alienacións que se desvían augas arriba do Sar para buscar o cruce do río no lugar de Poza Real construíndo unha Ponte de silleria con arco de medio punto de 10 m de luz, e que acabaría por chamarse Ponte da Rocha. Este “*Camino Transversal de Santiago a Pontevedra*”, que se continuaba até Ponte Sampaio, na saída de Santiago se corresponde co Camiño Novo.





Nestes anos, no 1772, foi publicada a *Real Cedula de su Magestad y Señores del Consejo por la Qual se dan Varias Reglas para la Conservación de los Camiños Generales Construidos y los que se Vayan Construyendo en este Reyno*, na que se pode ler o seguinte:


> *…y pidiendo se tomasen para su conservación en lo succesivo las providencias correspondientes, pudiendo ser algunas de ellas la prohibicion de, transitar por dichos Caminos los Carros herrados con berrage, ó calce de llanta angosta, ó cortante, por lo que destruyen el Camino haciendo surcos, separando los cascajos de su pavimento, y desuniendo el relleno de piedra , dandose nueva forma en el calce de*

> *ellos, por lo respectivo á los que huviesen de transitar , y atravesar los citados nuevos Caminos, pudiendo servir los del calce angosto para los Caminos viejos , monte, y acarreo de las mieses: Que las maderas que se condugesen por dichos Caminos nuevos, vayan sobre quatro ruedas, por el daño que su arrastre ocasiona en ellos , por su gran peso, haciendo vaches, pantanos, y batideros, encargandose estrechamente á las respectivas Justicias del transito, que zelen el exacto cumplimiento de estas providencias. (/) Que en los citados Caminos se use de Carros con ruedas de llanta ancha, lisas, ó rasas, con tres pulgadas de huella á lo menos y sin clavos prominentes, embebiendose estos en la llanta, observandose lo mismo en las Galeras, Coches, Calesas, y otra qualquiera especie de Carruage, excluyendo de esta providencia los Carros recalzados de madera, como son los de las Carretas de Cabañas, y orcas, que no solo no perjudican los Caminos, sino que les hacen beneficio, pues con sus huellas anchas aprietan mas los rellenos , y suavizan el transito.*

A construción desta nova obra elimina a vella traza do camiño existente por Poza Real. E a prohibición do tránsito dos carros de rodas de ferro por este, provoca que os carreteiros do Xiro da Rocha e os que viñan de Padrón, seguiran usando o camiño vello polo Porto, a Rocha Vella e o cruce do río pola Ponte Vella, subindo a carón da Enfestela pola Escurridía, para Conxo e a Choupana, tal e como se pode ver en diferente documentación recollida nun documento inédito achegado pola asociación cultural Rocha Forte e que se reproduce aquí glosado.

Esta documentación, do ano 1614, é a concesión dun foro do lugar de Enfestela. Neste foro noméanse numerosas lindes e aparece en varios puntos como tal o "*Camino Francés que viene de Padrón"*; sabendo que a denominación de camiño francés é o nome tradicional e antigo para os camiños de primeira orde, camiños que despois do século XVIII adoptarían a denominación de *camiño real* por influencia dos que daquela mandou construír Carlos III. Tamén no documento aparece un linde denominado "Milladero junto a la Choupana", o que alerta da existencia dun amilladoiro e, por tanto, do paso dun antigo camiño de peregrinación e da realización neste lugar do ritual de deixar a pedra que os peregrinos traían, en ofrecemento, desde a súa terra; amilladoiro que marca a entrada no territorio sagrado e que, neste caso, cabe que fose anterior ao amilladoiro de Milladoiro.

A identificación dos topónimos e a súa restitución sobre a fotografía aérea de 1956, permiten trazar este camiño francés do século XVII:



Neste documento observamos a duplicidade do camiño, un que se encamiña para Santa Marta, pasando polo amilladoiro da Choupana, e outro por Torrente e Conxo; lugar onde segundo a documentación recollida por esta asociación, se realizaban as recepcións da Entrada Real; cerimonia coa que as cidades dos séculos XIV ao XVIII recibían os reis cando acudían a visitalas, recepcións que tamén se lles ofrecía aos bispos cando tomaban posesión dos seus bispados; recepción que no caso de Compostela era feita no cruceiro de Conxo:

> *Pero no sólo la llegada de un miembro de la familia real generaba una recepción espectacular que también se ofrecía a los obispos cuando tomaban posesión de sus sedes y a los señores que visitaban las villas sobre las que ejercían su jurisdicción. La entrada del arzobispo D. Cristóbal de Valtodano en Compostela en 1570, ocasión en la que los gremios sacaron sus entremeses del Corpus y se representó un "Auto", y lo mismo sucedió en las de los arzobispos Liermo (1582), Andrade (1645), Carrillo (1656) y Spínola (1668). Los arzobispos eran recibidos en el Crucero de Conxo donde se les entregaban las llaves "de palo doradas" de la ciudad, desfilaban los cortejos gremiales, había representaciones teatrales en la Plaza del Campo, toros y juegos de sortija.*


Tanto as informacións derivadas da consulta documental, como as informacións etnográficas recollidas nos veciños da zona, mostran unha duplicidade de trazas para o camiño real de Pontevedra na entrada de Santiago de Compostela. Este desdobramento do camiño real, un no que se facía entrega das chaves da cidade, no cruceiro de Conxo, e outro que discorría por Santa Marta, ficou reflectida na proposta de delimitación realizada.

1.4. O CAMIÑO DA RUTA DA PRATA

Esta ruta tivo un papel secundario dentro das peregrinacións a Compostela, motivo que xustifica a súa ausencia dos repertorios até que no século XVIII apareza recollido no itinerario de Escribano como un camiño de ferradura que se corresponde co camiño real de Ourense a Santiago de Compostela. Esta vía documéntase de xeito amplo nos documentos medievais, e é herdeira do viario romano e castrexo.

A Santiago de Compostela chegaban dous camiños reais procedentes de Ourense, que confluían no cruceiro de Sar, lugar onde estivo o amilladoiro de Sar. Un deles proviña de Ponte Ledesma e o outro de Ponte Ulla, sendo este último o máis transitado e, por tanto, o utilizado polos peregrinos.

Xa que logo a Ponte Ulla é un fito de paso obrigado, cómpre agora coñecer os lugares concretos polos que discorría este camiño real entre este punto e o amilladoiro de Sar, hoxe cruceiro de Sar. Este camiño fica vivo na memoria dos veciños, portadores da tradición, e tamén pode ser identificado na fotografía aérea de 1956. O seu trazado, neste ámbito, non ofrece dúbidas.



No treito que se corresponde co concello de Santiago sofre con especial intensidade os efectos da concentración parcelaria e, tamén, o impacto das novas infraestruturas de comunicación, polo que para o treito inicial foi preciso establecer unha ruta funcional que mantivese, en primeiro lugar, os valores patrimoniais do camiño.

O CAMIÑO SOBRE O TERREO: CAMIÑO REAL DE OURENSE POR PONTE ULLA

A cartografía histórica é coincidente na traza sinalada para o camiño, que entra no concello de Santiago polo lugar de A Susana.

Entre a Susana e o lugar de Piñeiro, o camiño real foi eliminado pola concentración parcelaria, de xeito que é preciso buscar unha alternativa para restaurar a súa continuidade. O parcelario antigo, as fotos de 1956 e a información oral dos veciños permite coñecer o paso do camiño real, que discorre desde Susana ata Aldrei. Diante da imposibilidade de recuperar esta traza a proposta discorre por aqueles lugares que manteñen valores patrimoniais. En xeral o camiño real está destruído até chegar á capela de Santa Lucía, aínda que puntualmente a pista da parcelaria foi marcada sobre este

antigo camiño, en concreto ao seu paso por Aldrei. O paso por este núcleo, asemade, resulta de interese por manter unha representativa arquitectura popular, cun conxunto formado por unha fonte cruceiro, con lavadoiro, e un magnífico alpendre ao outro lado do camiño

Desde a capela de Santa Lucía ata o seu fin en Santiago, o camiño mantén a traza orixinal relativamente ben conservada. Desde o lugar de Piñeiro até o cruzamento coa autoestrada e o AVE o camiño conserva os seus valores, chegando así ao lugar de Angrois, onde aparece o asfalto. O trazado orixinal continúa deica o cruceiro de Sar, lugar onde estivo o antigo amilladoiro deste camiño, e continúa pola calzada de Sar, xa unido á variante de Ponte Ledesma, que conflúe neste punto.

1.5. O CAMIÑO NORTE DA COSTA

Desde o comezo das peregrinacións ata inicios da Idade Moderna a área xeográfica pola que discorre este camiño sofre numerosas modificacións no que se refire aos centros de poder, e, por tanto, á xerarquización e potenciación da rede de camiños existente. A aparición de novos polos como Ribadeo, Vilalba, Parga ou Sobrado sumouse en diferentes momentos aos xa existentes de Mondoñedo e Compostela, obrigado a reconfigurar os fluxos de xentes e mercadorías.

No treito máis próximo a Santiago o fluxo de peregrinos provén de Sobrado e de Parga, e sigue o itinerario xeral da vía XIX e/ou dunha calzada romana secundaria que comunicaba Lucus Augusti con Asseconia. O centro de poder de Sobrado dos Monxes comeza cando, no 952, a familia do conde Hermenegildo funda o cenobio familiar dúplice nun lugar ben comunicado. Baixo o padroado dos condes de Présaras a fundación viviu no século X unha prosperidade na que resalta a figura do abade san Pedro de Mezonzo, futuro arcebispo compostelán. Nos séculos seguintes, nomeadamente a partires do século XIII, o mosteiro irá medrando en poder e acabará por converterse nun dos máis importantes do reino.

No plano do poder laico temos en Parga o solar dunha das familias máis nobres do reino, matriz da casa de Medinacelli, e emparentada de cerca coa liñaxe real dos Trastámara.

O peregrino máis ilustre que usou este camiño, aínda que só en parte, foi San Francisco de Asís, quen, segundo a tradición, peregrinou a San Salvador de Oviedo e Santiago de Compostela en 1214.

Este camiño, con todos os seus cambios que se consolidan ao longo do tempo, queda *solidificado* nos anos inicias da Idade Moderna, cando adquire o nome de Camiño Francés e mais tarde, a finais do XVIII, como camiño Real, momento no que queda recollido con suficiente detalle na cartografía histórica co nome de Camiño de Santiago.

FITOS HISTÓRICOS. DOCUMENTACIÓN RELACIONADA.

Contamos con, fundamentalmente, dous relatos de itinerarios de viaxeiros ou peregrinos que chegaran a Compostela por esta vía do norte. O primeiro deles non é exactamente un peregrino, senón un viaxeiro ilustrado que sinala con detalle o percorrido que fai desde Sobrado dos Monxe deica Compostela:

Frei Martín Sarmiento (1745):


> *O día 4 de xuño, venres, saín de Sobrado para Santiago, unha xornada que é de oito leguas, bo camiño pero todo serra v.g.: a Farracal, a Boimorto, a Cinco Calles e ao poñente Fonte Aldala; a Medín, a San Gregorio (de Sobrado catro leguas). Mediodía. A Gonzar, á esquerda. Á Ponte Aponiña sen lugar, bo río. A Santiso, a San Paio de Sabugueira. A Lavacolla. A San Marcos. A San Lázaro. A Santiago (desde San Gregorio catro leguas). Noite*

Anos despois chega a Compostela un peregrino que , polo que el mesmo relata, cumpría escrupulosamente cos ritos e costumes e que deixará constancia da súa viaxe. Por tanto o seu relato está informando sobre o camiño de peregrinación do norte desde a costa:

Jean Pierre Racq (1790):

> *Feites provision de pain pour trois jours. De Bilhabbe a Pargue, 3 lieues. De Pargue a Grucharbe, 3 lieues. De Grucharbe a St. Bartoulomerou de la Matte qui n'est qu'une eglise au milieu dun bousquet, 6 lieues. De St. Bartoulomerou de la Matte il faut demander le chemin droite a Ste. Iglesie et jusqua St. Jacques, 6 lieues.*
>
> *Facede provisión de pan para tres días. De Vilalba a Parga, tres légoas. De Parga a Grixalba, tres légoas. De Grixalba a San Bartolomeu da Mota, que non é máis que unha igrexa no medio dun bosque, seis légoas. Desde San Bartolomeu da Mota hai que seguir camiño dereito deica a Santa Igrexa de Santiago, seis légoas.*

Este camiño é exactamente o mesmo que aparece na cartografía histórica e aínda está vivo na memoria dos portadores da tradición en numerosos lugares polos que discorre, polo que o seu trazado ofrece poucas dúbidas.



O exemplo máis antigo que fai referencia a este tramo é mapa de Cornide de 1764 da diocese mindoniense. Establece este mapa un itinerario terrestre cos seus principais puntos intermedios: Vilalba, Baamonde, Parga, Vilar, Negrada e Grixalba, e aparece rotulado como "*Camino de Santiago*".

Mais tarde Fontán publica o seu mapa no que aparece recollido este mesmo camiño, no que se nos informa que se xuntaba co camiño francés antes de igrexa de Lavacolla, no lugar da Esquipa.

O CAMIÑO SOBRE O TERREO: CAMIÑO REAL DE SOBRADO E PARGA

Este camiño entra no concello de Santiago pola zona da cabeceira do aeroporto, coincidente coa estradeade Curtis e coa autovía, polo que a traza tradicional só esta conservada entre San Paio de Sabugueira e A Esquipa; sendo ademais coincidente neste treito co Camiño Francés, na súa traza funcional, para salvar o aeroporto de Lavacolla.

2. OS TRAZADOS

2.1. DESCRICIÓN DOS TRAZADOS

O CAMIÑO DE FISTERRA

O Camiño de Fisterra parte da praza do Obradoiro e descende cara ao oeste pola Costa de Cristo para internarse na rúa das Hortas tras pasar xunto á igrexa de San Frutuoso. Unha vez rematada a rúa das Hortas e tras cruzar rúa dás Galeras intérnase na rúa Poza de Bar e posteriormente na rúa de San Lourenzo para alcanzar a Carballeira do mesmo nome.

Unha vez neste punto o Camiño atravesa a carballeira en diagonal para chegar á Costa do Cano, rúa de forte pendente formigonada que descende ata o río Sarela bordeando o recinto do Convento de San Lorenzo. Unha vez se rematou a pronunciada baixada crúzase á outra beira a través da Ponte Sarela para xirar ao oeste e pasar entre as antigas fábricas de curtidos de Ribeira.

A partir deste punto e ata alcanzar as primeiras edificacións de Sarela de Abaixo o Camiño discorre por un sendeiro pedregoso cunha forte suba final dende a cal se divisan por última vez as torres da Catedral. Neste punto comeza unha suave baixada por estrada asfaltada cara ao sur que se verá interrompida aos poucos metros para tomar un desvío ascendente cara ao oeste. Á vez que deixamos atrás as últimas vivendas de Sarela de Abaixo, o Camiño intérnase nun estreito tramo sombrío que mantén os muros de peche e vexetación autóctona.

O sendeiro comeza novamente a coller altura ata que a vexetación autóctona deixa paso a plantacións de eucalipto que unha vez alcanzado o punto máis alto da lomba se abren para deixar paso a unha zona de toxos, antes de que o firme empeore e comece o descenso cara a A Moa de Abaixo novamente entre eucaliptos que deixan paso a unha bosquete autóctono antes de alcanzar a estrada que dende A Moa de Abaixo seguiremos en descenso ata cruzar o rego de Fontecova.

Unha vez na zona baixa do val ignoraremos as estradas que nos saen á dereita para continuar paralelos ao rego. O Camiño abandona a estrada principal para continuar en dirección sueste en lixeiro ascenso por pista asfaltada con irregularidades aos pés dun terreo pechado que queda a man dereita. Pouco máis adiante alcánzase un cruzamento no que o Camiño xira cara ao oeste manténdose sobre plataforma asfaltada entre terras de labor en Fonte Carballo ata chegar ao núcleo de Carballal xa na parroquia de Villestro.

Unha vez chega a Carballal, o Camiño intérnase no núcleo en lugar de continuar pola estrada Roxos-Figueiras e diríxese cara a Pedrido despois de atravesar unha pequena ponte sobre o Rego de Porto Marelo e despois de xirar cara ao oeste unha vez máis en Chousiña. A estrada asfaltada comeza a subir deixando edificacións pechadas por muros a ambos os dous lados na súa primeira parte e á dereita unha vez a pendente suavízase.

Pouco máis adiante a pista asfaltada deixa paso a un camiño de terra moi deteriorado cun andadero de grandes lousas de granito na súa marxe esquerda que novamente comeza a gañar altura. O andadero

desaparece pouco máis adiante á vez que a pendente se suaviza permitindo enxergar o núcleo de Pedrido e o seu agro cara ao sur. Cando a pendente desaparece o camiño de terra e pedras soltas dá paso a unha pista asfaltada que se interna en Pedrido e o abandona xirando cara ao noroeste ata que en Pozo do Monte se interna nun bosque de eucalipto hoxe en día intransitable por falta de limpeza.

Unha vez atravesados os eucaliptos, xa por sendeiro de terra e pedra solta nalgúns tramos, o Camiño cruza perpendicularmente unha devasa de considerables dimensións antes de volver continuar por camiño entre unha mestura de arboredo autóctono e bosques de reforestación achegándonos a Vilariño da Abaixo entre o Castro de Villestro e a zona norte da nova urbanización de Roxos.

Ao chegar a Vilariño, o Camiño volve converterse en pista alfaltada que descende ata a CP-5702 antes de internarse en Quintáns. Unha vez na zona máis baixa do núcleo e seguindo por estrada asfaltada, o Camiño xira cara ao sueste cara a Portela de maneira que discorre aproximadamente 250 metros de xeito paralelo ao río de Roxos bordeando os seus brañas. Pouco máis adiante o Camiño chega ata o campo de fútbol de Roxos, onde seguindo a estrada asfaltada que xira cara ao oeste, xira cara a Portela para pasar por Ponte Brea.

Unha vez no agro de Portela o Camiño toma un desvío cara á dereita, de novo por pista asfaltada para gañar a parte a faldra do Monte de San Miguel bordeando o agro de Portela. Antes de chegar ao núcleo o Camiño xira á dereita por un camiño de terra e pedra solta que pouco máis adiante conserva os seus muros de peche e que remata no Alto do Vento no límite municipal dos concellos de Ames e de Santiago.

O CAMIÑO PORTUGUÉS

O Camiño Portugués no concello de Santiago de Compostela atravesa tres parroquias: Conxo, Vidán e Santiago de Compostela. Presenta a peculiaridade de que na parroquia de Conxo, a metade do seu trazado, á altura de Santa Marta, se bifurca en dous trazados diferentes, un polo sueste a través de Conxo e outro en diagonal cara ao nordés a través do barrio de Santa Marta. Ambos os dous trazados xúntanse de novo na Praza de Vigo.

Tramo inicial

O trazado do Camiño Portugués polo Concello de Santiago deCompostela, comeza na parroquia de Conxo, a pé da Avenida Muiño Vello no seu encontro coa rúa do Rapo, xunto a unha nova zona residencial. Percorre en diagonal cara ao nordés un camiño de terra atravesando unha zona de bosque ata a rúa dás Espiñas onde continúa por pista e zonas arboladas ata o tramo asfaltado de dita rúa, que toma cara á esquerda (dirección norte) bordeando a Pena do Moucho e discorrendo entre parcelas de labor e zonas arboladas.

Unha vez alcanzada a rúa do Porto de Conxo, atravesa o núcleo de O Porto pola súa rúa principal, tomando máis adiante cara á dereita a rúa dás Covas do Porto, un tramo de estrada asfaltada que, entre vivendas e parcelas de cultivos, descende ata o seu encontro co nó viario de conexión entre a AG-56 e a N-550 (Avda, Pontevedra). Pasa por debaixo do viaduto e toma dirección norte, paralelo ao Rego de Vilar, para de novo salvar por debaixo o viaduto da estrada AG-56, tras o cal comeza o seu ascenso pola rúa do Veado cara a A Rocha Vella.

Atravesa esta zona entre vivendas e muros de pedra de peche ata a rotonda do núcleo, para continuar atravesando o núcleo polas estreitas rúas de Piñeiro e rúa de Serafín Zas. A metade de altura da devandita vía e nada máis entrar na parroquia de Vidán, o camiño xira perpendicularmente cara á dereita e cruza a liña de ferrocarril a través dunha ponte para xirar de novo en dirección noroeste xunto ao ferrocarril. Uns metros máis adiante toma de novo dirección nordés por pista asfaltada ata alcanzar a rúa dá Ponte Vella de Arriba, na zona de Rocha Nova, onde discorre entre árbores e vivendas dispersas.

Á altura do muiño dá Canaleta e os muiños de Carmela cruza pola ponte o Rego de Vilar, e inmediatamente xira á dereita da rúa da Canaleta para percorrer, por camiño de terra, a zona de vexetación autóctona ao sur da avenida. Xosé Filgueira Valverde en dirección sueste. Cruza por debaixo o viaduto dá Rocha e xa por pista asfaltada toma a rúa dá Escurridia para entrar de novo na parroquia de Conxo. Tras cruzar a rúa Volta do Castro continúa cara ao nordés pola avenida de Syra Alonso.

Variante Conxo

Dende a avenida de Syra Alonso o camiño toma cara ao leste a Travesía de Torrente en descenso cara ao núcleo de Torrente, que atravesa por estreitas rúas ata alcanzar a rúa dá Benéfica de Conxo a cal percorre pola súa marxe dereita, nunha zona máis urbana, e ascendendo alcanza a parroquia de Santiago de Compostela. Continúa cara ao norte pasando xunto ao Hospital de Conxo ata chegar á rotonda na que cruza a avenida Antonio Fraguas.

Agora comeza a parte máis urbana do percorrido pola rúa de Sánchez Freire, por beirarrúas peonís e rúas con bloques de vivendas de maior altura. Tras cruzarse coa rúa de Xosé Pasín continúa pola rúa de García Prieto coa mesma tónica, e cruza diagonalmente a avenida Romero Donallo para continuar pola avenida de Vilagarcía ata Praza de Vigo onde se unifica de novo coa traza da variante de Santa Marta.

Variante Santa Marta

Dende a Avenida de Syra Alonso pasa sobre a Avenida de Antonio Fraguas (N-550) en dirección nordés bordeando polo sur a nova zona residencial de vivendas en bloques de maior altura que alternan con zonas verdes. Unha vez pasada as edificacións toma un camiño lateral estreito que discorre entre parcelas con algunhas edificacións antigas, ata desembocar na rotonda da rúa Volta do Castro.

Neste punto, continúa pola rúa dá Choupana, vía principal da zona de Santa Marta, que se converte en le rúa de Santa Marta de Arriba, e que é unha rúa urbana con vivendas en bloque e baixos comerciais. Pasa xunto ao cruceiro e igrexa de Santa Marta, e cruza a avenida Romero Donallo para pola avenida Rosalía de Castro alcanzar a Praza de Vigo e xuntarse de novo coa traza da variante de Conxo.

Tramo final

Dende Praza de Vigo o Camiño continúa pola avenida Rosalía de Castro e avida Xoan Carlos I, para entrar no Casco histórico dende o parque da Alameda. Unha vez alcanzada a parte vella da cidade de Santiago percorre a rúa de Franco ata a Praza do Obradoiro.

O CAMIÑO DA RUTA DA PRATA

A Ruta da Prata intérnase no concello de Santiiago de Compostela pola parroquia de Marrozos no núcleo de A Susana e atravesa as parroquias de O Eixo e Santiago de Compostela.

O trazado, proveniente de Boqueixón, é coincidente coa antiga calzada romana de A Susana, actualmente un camiño asfaltado que se interna no núcleo deixando a man dereita unha gasolineira en desuso. Pouco máis adiante o Camiño xira cara á esquerda para internarse en A Travesa da Susana, onde o pavimento pasa a ser de terra e se atopa en bastante mal estado.

Tras pasar pola parte traseira dunha serie de edificacións tradicionais o Camiño cruza a estrada da Susana para descender xunto a un merendeiro que deixa á esquerda ata o túnel que cruza a N-525 por debaixo para poder alcanzar O Outeiro a onde se chega por estrada asfaltada tras recuperar a altura perdida para realizar o paso baixo a nacional. A saída do núcleo eféctuase en baixada deixando a man dereita o muíño de Outeiro alimentado polo Rego de Marrozos, que se cruza pouco máis adiante. Unha vez atravesada a ponte a estrada xira cara á dereita ata atoparse cun cruzamento no que o Camiño toma a variante ascendente da dereita, de maneira que pouco máis adiante se chega ao núcleo de Cañoteira.

O núcleo atravésase de xeito perpendicular entre peches de terreos en busca do paso sobre as vías da liña férrea Coruña-Zamora ata chegar á Rúa do Redondelo, unha pista asfaltada de concentración parceira na parte baixa de Argadán, que o trazado segue ata que se atopa co desvío da Pista de A Veiga a man esquerda en metade dunha suba.

El Camino prosigue por pista de concentración parcelaria asfaltada hasta llegar al núcleo de Aldrei que atraviesa de manera que pasa junto al conjunto formado por el crucero, la fuente y el lavadero y que abandona una vez más por carretera asfaltada siguiendo en este caso el trazado del antiguo camino real que se pierde debido a las concentraciones parcelarias al llegar a la rúa do Carballo. Ahí se gira a la izquierda para pasar por debajo de las vías del tren que con anterioridad se han cruzado por encima y nada más terminar el túnel se asciende a mano derecha para acompañar brevemente las vías hasta el lugar de Vixoi, donde nuevamente el antigua Camino Real se cruza con la pista asfaltada por la que discurre el Camino.

A partir deste momento comeza un descenso cara á ermida de Santa Lucía zigzagueando entre pistas de concentración parceiras, sempre asfaltadas, que sigen a dirección do perdido Camiño Real. Ao chegar á ermida, o Camiño abandona a estrada para discorrer paralelo a esta pasando pola antiga ponte sobre o rego dás Covas e a fonte que atopa á súa beira. Unha vez atravesada a ponte, o Camiño segue un paseo de pedra bastante irregular e escorregadizo xunto ao Rego de Angrois ata que se atopa coa estrada que une a N-525 co lugar de O Eixo de Abaixo. Tras subir un curto tramo de escaleiras vólvese gañar a cota da pista asfaltada que vén da ermida e intérnase no núcleo de Piñeiro seguindo o antigo Camiño Real.

No momento no que o camiño volve poñerse horizontal aparece ante os ollos o taboleiro da autoestrada que se pasa por debaixo. A partir dese momento o Camiño volve ser de asfalto e atopa coas novas instalacións da AVE que cortan o Camiño Real e que se atravesan mediante unha ponte que conecta con Angrois e o seu

Camiño Real que o Camiño segue rodeado de casas e terreos de labor ata chegar ao Cruceiro de Sar onde as edificacións comezan a gañar en densidade.

Tras cruzar a AC-261 o Camiño intérnase na Calzada de Sar pola que comeza a baixar cara ao río Sar deixando a man dereita a Cidade da Cultura. Unha vez alcanzado a ponte sobre o río Sar o Camiño comeza a suba a Santiago deixando a man esquerda a Colexiata de Santa María de Sar polas rúas de Sar, Castrón e Patio de Madres ata chegar ao arco de Mazarelos e internarse na zona Monumental.

O paso polo núcleo realízase rodeado de altos muros de peche de parcelas e baixo emparrados ata que aproximadamente no centro do núcleo aparece un estilizado cruceiro xunto á pista que baixa a Braña Prado. A partir desta encrucillada de camiños o trazado continúa rodeado de muros e emparrados sobre un pavimento bastante deteriorado ata saír do núcleo, momento no cal se abren as vistas cara ao agro situado ao noroeste e o novo viaduto da AVE.

O Camiño prosegue polo Camiño Real de Piñeiro que pouco máis adiante, ao achegarse ao Castro de Angrois, convértese en camiño de terra. Practicamente no momento no que se dá o cambio de material da calzada arboredo autóctono acompaña o trazado pechando as vistas practicamente ata chegar ao punto máis alto da suba.

O CAMIÑO NORTE DA COSTA


O trazado do Camiño Norte da Costa intérnase no Concello de Santiago de Compostela pola estrada N-634 no núcleo de Amarelle. Tras cruzar a autovía de Labacolla discorre por un sendeiro de grava marcado por arboredo autóctono e que vai perdendo cota respecto á autovía e que se sitúa entre esta e a cabeceira da pista do aeroporto. Ao chegar aos sinais de fin de pista atópase co trazado do Camiño Francés que proveñen de O Pino.

2.2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o mapa do estado de conservación do pavimento. Defínese unha situación denominada "Recuperable/Cautela" para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.

O CAMIÑO DE FISTERRA


Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Fisterra.



Conservación do Camiño	Lonxitude (Km)	Lonxitude (%)
Boa	5,68	65%
Regular	2,31	26%
Mala	0,66	8%
Cautela / Recuperable	0,1	1%
Total Xeral	**8,75**	**100%**

O CAMIÑO PORTUGUÉS


Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño Portugués.



Conservación do Camiño	Lonxitude (Km)	Lonxitude (%)
Boa	7,51	74%
Regular	1,41	14%
Mala	0,26	3%
Cautela / Recuperable	0,95	9%
Total Xeral	**10,13**	**100%**

O CAMIÑO DA RUTA DA PRATA


Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño da Ruta da Prata.



Conservación do Camiño	Lonxitude (Km)	Lonxitude (%)
Boa	6,97	57%
Regular	2,19	18%
Mala	0,03	0%
Cautela / Recuperable	3,07	25%
Total Xeral	**12,26**	**100%**

O CAMIÑO NORTE DA COSTA

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño Norte da Costa.



Conservación do Camiño	Lonxitude (Km)	Lonxitude (%)
Boa	0,48	24%
Regular	0,14	7%
Mala	0,04	2%
Cautela / Recuperable	1,34	67%
Total Xeral	**2**	**100%**

3. OS ÁMBITOS

3.1. O CAMIÑO DE FISTERRA

O ámbito de delimitación do Camiño Fisterra no concello de Santiago comeza ao norte do Pazo de San Lorenzo e da zona universitaria de Arcos dá Condesa cunha anchura menor que o resto do ámbito. Segue en dirección oeste mantendo unha anchura na súa maioría homoxénea, que presenta dous ensanchamentos na súa sección coincidentes cos vales dos lugares de Moas de Abaixo e O Carballal, e un estreitamento no seu lado sur coincidente coa nova zona residencial do núcleo de Roxos, en Villestro.

O ámbito atravesa as parroquias de Santiago de Compostela, San Paio, Vidán, Figueiras, Laraño e Villestro.

Polo norte o límite comeza na parroquia de Santiago de Compostela, de sur a norte dende a Costa do Cano xunto á carballeira de Santa Susana, unha vez pasada a parcela da grande casa, a cal bordea polo oeste ata alcanzar a Corredoria dos Muiños, xa na parroquia de San Paio. Intérnase na zona de bosques de A Granxa cara ao noroeste, para xirar máis de 90º cara ao sur pola Rúa dos Asidros. Antes de alcanzar a curtidoira do Ponte Sarela desvíase cara ao oeste, na zona de Agro do Piñeiral, para seguir cara ao noroeste a través de parcelas de monte baixo e bosque. Unha vez alcanzado o Camiño de Bar a Sarela, continúa cara ao oeste cruzando o Penedo de Pereiro onde quebra cara ao sur entrando na parroquia de Figueiras para alcanzar a Rúa Sarela de Abaixo, a cal cruza a través de parcelas forestais na zona de Campo de Arriba. Nesta zona a liña do límite fai un percorrido en forma de U baixando ao sur cara a Campo de Abaixo, xirando ao oeste entes das parroquias de San Paio e Vidán, e subindo de novo en dirección norte cara a Agro das Moas, onde enlaza coa Pista a Cascalleira en dirección oeste. Continúa do mesmo modo cara ao oeste bordeando polo norte a zona residencial de parcelas con vivendas illadas, pola Rúa dá Eira Nova, e pasa á parroquia de Villestro, a través de parcelas de monte ata tomar a pista ao Monte Desabanda cara ao norte. Antes de internarse no monte, volve quebrarse cara ao sur xunto ao río Porto Marelo, e á altura do Chan do Laxe, quebra cara ao oeste por o Alto de Braxe ata alcanzar o Camiño Parabedre que acompaña cara ao sur para tomar de novo cara ao norte a pista que dirixen cara a o Castro de Tras Igrexa (Castro de Villestro), na meseta de Sabachán, o cal bordea polo nordés. Atravesa deste a oeste o núcleo de Quintáns de Villestro e continúa pola pista a Cernadas a través de parcelas de monte e bosque do Monte de San Miguel, finalizando ao chegar ao límite da parroquia de Covas.

Polo sur o límite do ámbito comeza coincidente co propio trazado do Camiño pola Costa do Cano na parroquia de Santiago de Compostela, e xa na parroquia de San Paio se separa deste ao sur da Fábrica de curtidos da Ribeira de San Lourenzo (Ponte Sarela). Bordea polo norte a zona de bosque ata alcanzar o conxunto de casas preto dá Ponte Sarela onde toma dirección oeste pola pista de acceso ás vivendas situadas máis adiante. Antes de alcanzalas toma unha pista cara ao sur e xira ao oeste polo Camiño dá Estivada, alcanzando o núcleo de Sarela de Abaixo o cal bordea polo leste pola Rúa do Sarela de Abaixo. Cara ao sueste atravesa o monte en Seixo seguindo un percorrido quebrado e penetrando na parroquia de Vidán a través de parcelas rurais para continuar cara ao oeste, deixando ao sur o núcleo de Vidán, entrando

polo Camiño Valdío e de xeito puntual na parroquia de Figueiras. De novo cambia de parroquia para pasar á de Laraño, atravesando ou Agro do Foxo, e internándose outra vez na parroquia de Figueiras para pasar xunto á subestación eléctrica e tomar dirección norte cara ao núcleo de Carballal. Antes de alcanzalo xira de novo cara ao oeste e volve baixar cara ao sur cara ao Centro Superior de Hostalaría no núcleo de Munín e tomar cara ao oeste pola Rúa do Doutor Martínez Morán a cal percorre ata enlazar coa rúa do Piñeiro de Villestro e rúa do Pedrido. Entre os núcleos de Piñeiro e Pedrido québrase cara ao sueste pasando entre parcelas de vivendas illadas e zonas de monte en Sabachan. Bordea polo leste e o norte a nova zona residencial do núcleo de Roxos, descendendo de novo cara ao sur paralelamente á rúa de Nabal ata a rúa Barrosa, a cal percorre cara ao oeste ata a rúa Vilastrexe que percorre de modo quebrado cara ao núcleo de Portela o cal bordea polo sur tomando a estrada principal AC-453 onde remata ao alcanzar a parroquia de Covas.

3.2. O CAMIÑO PORTUGUÉS

O ámbito do Camiño Portugués, dentro do concello de Santiago, caracterízase por presentar unha clara direccionalidade suroeste-nordés e un desdobramento no seu trazado preto da chegada ao núcleo de Torrente (Conxo), para despois converxer de novo na Praza de Vigo e continuar até a Praza do Obradoiro, punto final de todos os camiños.

TRAMO INICIAL

Tras saír do núcleo urbano do Milladoiro (Concello de Ames) o ámbito abrangue as terras da contorna do asentamento do Porto de Conxo. O borde oeste deixa ao leste as vivendas situadas máis próximas ao limite administrativo que separa estes dous concellos, para despois continuar ao carón do entorno inmediato do núcleo anteriormente citado e atravesar en perpendicular o camiño que sube á subestación eléctrica, deixando fóra un grupo de casas unifamiliares. Posteriormente o ámbito continua polas inmediacións do nó de conexión entre a AG-56 (Autovía Santiago –Muros),a SC-20 (ou nacional 550, A Coruña –Tui) e a autoestrada do Atlántico (AP-9). Ao cruzalo, desemboca na Rocha Vella. Pasado este núcleo o borde oeste atravesa o monte próxima a aldea de Santomil, cruza a liña de ferrocarril e deixa o núcleo da Amanecida e o da Ponte Vella fóra do ámbito. Continúa pola Rúa Cotón e atravesa a avenida Xosé Figueira Valverde deixando a rotonda na que desemboca a rúa da Cantaleta á dereita. O limite toma un cambio de dirección, cara ao sureste, cinguíndose a avenida anteriormente citada. Neste punto, o camiño posúe dúas variantes, que se explicaran separadamente a continuación.

